



O INSTITUTO DE ESTUDOS CHAIREGOS ORGANIZA OS
III SÁBADOS DE TEATRO – 4ª FUNCIÓN
ACHÁDEGO TEATRO
BALAS SOBRE BROADWAY

AUDITORIO MUNICIPAL DE VILALBA

SÁBADO, 27 DE OUTUBRO-2018 - 20:30 H.



O Instituto de Estudos Chairegos, como remate dos **III SÁBADOS DE TEATRO**, organiza para o vindeiro sábado, 27 de outubro, ás **20:30** horas, no Auditorio Municipal vilalbés, a CUARTA FUNCIÓN que correrá a cargo do grupo **ACHÁDEGO TEATRO**, que pon en escea a obra "**BALAS SOBRE BROADWAY**". Colabora o Concello de Vilalba.

*** **

Autor: Woody Allen (adaptación de Achádego Teatro)

Director: Anton Sampaio

Elenco: 13 actores / actrices

Duración: 90 minutos

Sinopse:

O grupo de teatro Achádego, na busca continua de novos retos, decídese nesta ocasión por adaptar unha das películas do polifacético Woody Allen.

A acción transcorre na Nova York dos anos vinte do pasado século, na época da lei seca, na que a prohibición da fabricación e venda de bebidas alcohólicas derivou nun notable

incremento do crime organizado. Nese contexto, o dunha sociedade marcada pola mafia, o escritor David Shayne precisa apoio financeiro para levar aos escenarios de Broadway a sua nova obra Divos dos nosos país.

O humor presente na obra, critica a pseudo-intelectualidade que ás veces rodea ao mundo da cultura, o teatro, os gansters, a música e o baile... Son os aspectos que motivaron a Achádego a levar a cabo este proxecto. O ritmo vertixinoso que imprime Woody Allen a súa película, fixo que adaptala ao teatro fora complexo, pero ao mesmo tempo moi ilusionante. (cronica3.com)

A entrada a todas as funcións será libre e gratuíta.